

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



PROGRAMACIÓN

GUITARRA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	6
1. METODOLOXÍA.....	7
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
3. TEMAS TRANSVERSAIS	11
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	11
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	11
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	13
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	14
5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL.....	14
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	14
5.1.2. <i>Contidos</i>	14
5.1.3. <i>Avaliación</i>	14
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	16
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	17
5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL.....	18
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	18
5.2.2. <i>Contidos</i>	18
5.2.3. <i>Avaliación</i>	18
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	20
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	21
5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL.....	22
5.3.1. <i>Obxectivos</i>	22
5.3.2. <i>Contidos</i>	22
5.3.3. <i>Avaliación</i>	22
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i>	25

5.3.5.	<i>Recursos didácticos</i>	25
5.4.	▶ CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL.....	26
5.4.1.	<i>Obxectivos</i>	26
5.4.2.	<i>Contidos</i>	26
5.4.3.	<i>Avaliación</i>	27
5.4.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	29
5.4.5.	<i>Recursos didácticos</i>	29
5.5.	▶ CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL	31
5.5.1.	<i>Obxectivos</i>	31
5.5.2.	<i>Contidos</i>	31
5.5.3.	<i>Avaliación</i>	32
5.5.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	34
5.5.5.	<i>Recursos didácticos</i>	34
5.6.	▶ CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL	36
5.6.1.	<i>Obxectivos</i>	36
5.6.2.	<i>Contidos</i>	36
5.6.3.	<i>Avaliación</i>	37
5.6.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	39
5.6.5.	<i>Recursos didácticos</i>	39
5.7.	▶ CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL	41
5.7.1.	<i>Obxectivos</i>	41
5.7.2.	<i>Contidos</i>	41
5.7.3.	<i>Avaliación</i>	42
5.7.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	44
5.7.5.	<i>Recursos didácticos</i>	45
5.8.	▶ CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL	46
5.8.1.	<i>Obxectivos</i>	46

5.8.2.	<i>Contidos</i>	46
5.8.3.	<i>Avaliación</i>	47
5.8.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	49
5.8.5.	<i>Recursos didácticos</i>	50
5.9.	▶ CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	52
5.9.1.	<i>Obxectivos</i>	52
5.9.2.	<i>Contidos</i>	52
5.9.3.	<i>Avaliación</i>	53
5.9.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	55
5.9.5.	<i>Recursos didácticos</i>	56
5.10.	▶ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL	57
5.10.1.	<i>Obxectivos</i>	57
5.10.2.	<i>Contidos</i>	57
5.10.3.	<i>Avaliación</i>	58
5.10.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	60
5.10.5.	<i>Recursos didácticos</i>	60
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	62
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	63
8.	ANEXOS	64
8.1.	CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	64
8.2.	PROBAS DE ACCESO.....	65
8.2.1.	▶ CURSO 2º G. E.	65
8.2.2.	▶ CURSO 3º G. E.	66
8.2.3.	▶ CURSO 4º G. E.	67
8.2.4.	▶ CURSO 1º G. P.	68
8.2.5.	▶ CURSO 2º G. P.	69
8.2.6.	▶ CURSO 3º G. P.	70

8.2.7. ▶ <i>CURSO 4º G. P.</i>	71
8.2.8. ▶ <i>CURSO 5º G. P.</i>	72
8.2.9. ▶ <i>CURSO 6º G. P.</i>	73

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

Os resultados que pretendemos acadar e as competencias básicas do currículo son a referencia que nos guiará para decidir acerca dese conxunto ordenado de operacións que forman a metodoloxía.

Ao longo da historia da evolución da guitarra en xeral, ten habido distintos métodos para a aprendizaxe da súa técnica, variedade de estilos, pedagogías e escolas. Actualmente, trátase de combinar todas estas vertentes conxuntamente cun análise o máis rigoroso posible das mesmas, coa finalidade de achegarnos a esa comprensión e interpretación consciente que pretendemos. Neste proceso deberase fomentar a creatividade e tratar de acadar a maior musicalidade e desenvolvemento das competencias do alumnado dentro do ámbito musical.

É función do profesor crear actividades que permitan ao alumnado o traballo dos contidos que lle van a amosar as posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

A ensinanza do instrumento nos conservatorios é totalmente personalizada, polo que a metodoloxía ten que ser flexible e adaptarse a cada alumno, valorando así a capacidade e o proceso de aprendizaxe por enriba de resultados concretos, polo que a metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e participativa.
- O traballo dos estudos e obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos do curso.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido coa participación nas audicións propostas polo departamento en cada trimestre.
- A participación e colaboración de compañeiros, familias e titores.

Metodoloxía a empregar

- Análise do traballo realizado polo alumno ao longo da semana, coa corrección e aprendizaxe das obras e estudos.
- Control de posición, afinación e realización de exercicios técnicos.
- Revisión e análise do material traballado, valorando o método de estudo.
- Traballo de diferentes tipos de memoria.
- Lectura á vista.
- Práctica de conxunto.
- Realización de audicións trimestrais obrigatorias.
- Participación en concertos.
- Asistencia a outras audicións ou concertos e realización de traballos escritos sobre as obras escoitadas e as interpretacións.
- Probas trimestrais obrigatorias de técnica e lectura.

Orientación Pedagóxica da Clase Colectiva no grao elemental

Si no grao elemental é posible a práctica de conxunto pola organización interna do conservatorio, desenvolverase aa clase colectiva, que é moi necesaria para cubrir determinados aspectos esenciais na formación do alumno. O traballo en grupo obriga ao alumno a non

atoparse ignorante do que sucede ao seu arredor e fomenta o compañerismo. Ten tamén un carácter de apoio e de estímulo para os seus participantes, pois nelas trabállanse materias coas que o alumno comprende mellor o mundo da guitarra e da música. Deste xeito séntese máis integrado no centro e, como resultado, estudia máis e mellor.

As materias a tratar alternaranse cun criterio totalmente flexible e aberto, tratando de estimular ao alumno para que posteriormente afonde e investigue os temas tratados, e poden ser as seguintes:

- Realización e potenciación do traballo sobre a técnica elemental da guitarra: articulación, pulsación, independencia dos dedos, coordinación de ambas mans, arpexos, ligados, etc.
- Lectura á vista.
- Música de Cámara.
- Outros: improvisación, adestramento auditivo, actitude á hora de tocar en público, etc.

Actividades propostas de Carácter Interdisciplinar

- Asistencia dos alumnos aos concertos organizados polo Conservatorio.
- A semana anterior a cada avaliación celebraranse as audicións obrigatorias nas que tódolos alumnos terán que participar.
- Organización de cursos ou concertos con intérpretes e profesionais recoñecidos.

Organización do tempo

Cada unha das sesións, estas estruturaránse en:

- Presentación da peza, estudo ou exercicios dos que se vai a tratar.
- Explicación práctica dos contidos concretos e da técnica adecuada para achegarmos á interpretación.
- Recapitulación das ideas principais.
- Proposta de traballos para axudar a comprender mellor o aprendido na sesión.
- Corrección dos traballos da sesión anterior e repaso e revisión de contidos anteriores.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio recoñécese a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidades, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende as seguintes formulacións:

- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tódolos alumnos e non só duns poucos.
- Tódolos alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
- As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.
- A base da atención á diversidade é a adaptación curricular

Así mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade coma todas, será un "caso único". As concepcións sobre a superdotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidades, modelos baseados no rendemento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

- O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- Adaptacións do material didáctico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atende-las necesidades educativas dun alumno o unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- Partindo que a base da atención á diversidade é a adaptación curricular, propoñer actividades de traballo diferenciadas: o profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

No comezo do curso, despois de observar ao alumnado, o Departamento de Corda Pulsada realizará a adaptación curricular correspondente na que se terán en conta os seguintes aspectos de acordo co tipo de circunstancia concreta:

- Programa adaptado que respete os criterios mínimos esixibles fixados na programación.
- Material específico para uso de profesor e alumno na aula.
- Acomodo de horarios e aulas dispoñibles.
- Contacto e colaboración con centros e organizacións especializadas, e cos pais do alumno.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

A aposta pola calidade do ensino leva outros valores asociados como poden ser a puntualidade, orde, limpeza, disciplina, rigorosidade no traballo, responsabilidade, sentido da colaboración e respecto polas persoas e polas cousas. Estes valores, que son a base dunha educación cívica, xiran así mesmo arredor doutros que configuran a vida en sociedade: a educación para a paz, para a igualdade dos sexos, para a saúde, etc. Estes valores están presentes de forma implícita na vida diaria na aula e a comunidade educativa debe velar porque ningún outro tipo de actitude atente contra estes principios de convivencia.

Aínda que esta educación transversal os alumnos a veñan recibindo dende sempre, nesta idade, entre os 8 e os 17 anos aproximadamente, os valores que asuman serán realmente decisivos para toda a súa vida. A importancia das actitudes e o feito de que o estudio dun instrumento musical traballa o espírito e o intelecto fan que a educación en valores sexa facilmente abordada ao ter presente as normas, ás demais persoas, o material da aula, os compañeiros e profesores. Na materia tense en conta a actitude de escoita, o respecto mutuo ás opinións, o valor do traballo, do esforzo, e da colaboración.

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais. A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz: adestrar para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica: participar en tarefas comúns mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas; respectar a autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos: desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade; analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva): proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor: crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Os sistemas educativos actuais establecen unha nova formulación pedagóxica na que a comunicación prodúcese non só a través da linguaxe oral e escrita, senón tamén a través

doutras novas linguaxes, como son a audiovisual e a telemática, que últimamente cobraron máis importancia pola situación de alarma sanitaria provocada pola COVID. A posibilidade de compartir información, experiencias, de participar en actividades entre centros en tempo real, de buscar información puntual acerca de calquera contido, etc, abre novas posibilidades de aprendizaxe que enriquecen a formación integral do alumnado. A educación precisa destes novos recursos que permitan que o ensino discorra polo mesmo camiño que a sociedade: a sociedade da información, da comunicación, da participación, de compartir coñecementos, experiencias co fin do enriquecemento común.

A utilización destas tecnoloxías nos centros educativos permitirá unha formación máis completa, unha renovación na pedagogía e na didáctica; poderán utilizarse tamén como medio de análise, de investigación, de manexo de aplicacións que forman parte habitual do entorno da sociedade. O profesor deberá servir de guía para axudar ao alumando a buscar, obter, procesar, comunicar información e para transformala en coñecemento, sempre cunha actitude crítica e selectiva.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios en internet: webs de vídeos e audio como youtube, e webs de partituras como imslp.org y free-scores.org
- Programas informáticos: editores de partituras como Sibelius e Musecore, e de audio como Logic Pro e Pro Tools
- Correo electrónico para a recepción de traballos e videos.
- Programas de mensaxería instantánea para a comunicación entre profesorado e entre profesorado e alumnos.
- A web do centro para comunicarse coa comunidade escolar.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Este tipo de actividades poden ser realizadas no propio centro ou fora del, en colaboración con outras entidades culturais ou con outras de ámbito administrativo como poden ser os concellos, e serven como complemento á actividade pedagóxica desenvolvida na aula. É unha forma de poñer en contacto aos nosos alumnos co público e coa realidade cultural coa que se van a atopar cando rematen os seus estudos.

Tamén é importante que o alumno como músico en xeral, e como alumno de guitarra en particular, asistise a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. Ademais, mediante os concertos sinfónicos e de agrupacións camerísticas, percibirá o timbre sonoro dos demais instrumentos que poderá aplicar sempre nas diferentes voces da música para guitarra.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polo departamento:
 - Audicións trimestrais obrigatorias.
 - Cursos de guitarra con intérpretes de recoñecido prestixio.
 - Colaboración coa Orquestra de guitarras do centro.
 - Intercambios con alumnos de outros conservatorios ou escolas de música.
 - Concertos en colexios ou institutos.
- Organizadas polo Conservatorio:
 - Asistencia a concertos fora do Conservatorio como intérprete.
 - Asistencia a concertos fora do conservatorio como espectador.
- Organizadas por outras entidades:
 - Concertos de colaboración co Concello de Viveiro ou calquer outro concello que o solicite.
 - Concertos en colaboración con entidades culturais da bisbarra.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL

5.1.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans dedos esquerdos sobre o diapasón e os dedos dereitos sobre as cordas.
- Traballar a técnica de man dereita tirando.
- Coñecer escalas maiores en primeira posición.
- Iniciar á afinación por equisonos.
- Iniciar a lectura á vista.
- Interpretar un repertorio básico dunha dificultade acorde a este nivel.

5.1.2. Contidos

- Correcta posición do instrumento e do corpo.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e a sincronización de ambas.
- Traballo da técnica de man dereita tirando.
- Nomenclatura das cordas, dedos da man dereita e esquerda.
- Normas elementais do coidado das uñas.
- Práctica das escalas de DoM e SolM en primeira posición.
- Iniciación á afinación por equísonos.
- Estudo dun repertorio básico como mínimo de tres pezas por avaliación.
- Lectura á vista na tonalidade de DoM.
- Inicio ao desenvolvemento dos distintos tipos de memoria.
- Traballo da dinámica.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras propostas polo profesor.
- Ler textos sinxelos á vista con fluidez y comprensión.
- Amosar unha axeitada posición do corpo con respecto ao instrumento.
- Adoptar unha posición correcta de ambas dúas mans.
- Interpretar de memoria e en público algunhas das pezas traballadas durante o curso.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles consistirán en:

- Intepretar as obras estudias durante o curso, cun mínimo de nove pezas, polo menos tres de memoria.
- Ler textos sinxelos á vista con fluidez e comprensión.
- Amosar o coñecemento no diapasón en primeira posición.

- Realizar os exercicios técnicos propostos polo profesor.
- Participar nas audicións obrigatorias do 2º e 3º trimestres. En cada unha destas audicións interpretará dúas pezas, unha delas como mínimo de memoria.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** este tipo da avaliación trata de concretar as carencias ou problemas que poida ter o alumno.
- **Continua:** este tipo da avaliación é o seguimento habitual do alumno ao longo de todo o curso, aportando a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** ao final do curso académico establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán:

- Asistencia a clase.
- Realización de probas trimestrais.
- Audicións ante o resto do alumnado e os profesores do departamento.
- Actuacións en público.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso. No caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron correctamente acadados, e propóranse unha serie de actividades de reforzo e mellora que permita a consecución dos obxectivos.

Criterios de cualificación

A avaliación será continua, obxectiva e personalizada, baseada na escoita e na observación directa polo profesor do proceso de aprendizaxe dos alumnos. O curso estará dividido en tres trimestres. Cada alumno recibirá trimestralmente información por escrito (en forma de cualificación) sobre a situación do proceso de aprendizaxe. A cualificación exprésase en termos numéricos utilizando a escala de un a dez sen decimais, considerándose positivas as cualificacións superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara á promoción ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- **Repertorio:** acadar o nivel esixido na execución dun repertorio axeitado ao nivel comprenderá o **70%** da cualificación final do curso.
- **Asistencia regular e actitude:** a asistencia regular ás clases é un aspecto imprescindible

para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o **30%** restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

- **Lectura e dixitación:** O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dixitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consegue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicados.
- **Dominio técnico:** Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.
- **Dominio interpretativo:** O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

O alumno/a que suspendera a materia de Guitarra deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión.

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula o alumno/a debe de superar os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, ademais de considerar o profesor que pode superar os do curso seguinte. O profesor titor emitirá informe coas calificacións de cada un dos profesores que imparten a ensinanza ao alumno en cuestión.

A ampliación de matrícula debe de ser aprobada polo Consello Escolar.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación basease na realización de probas específicas así como da observación da evolución que se produce clase a clase, para así poder detectar os problemas establecendo medidas para solucionarlos. Son moi importantes as actitudes e os conceptos que se van adquirindo, como a precisión técnica, calidade sonora, comprensión formal, interpretación, etc. A recuperación realizarase ao longo de todo o curso reforzando aqueles temas nos que o alumno teña mais dificultade.

Probas extraordinarias de xuno

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes maio.

Este exame consistirá nunha proba co profesor amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso.

Para a cualificación desta proba farase da seguinte forma:

- Cumprimento dos criterios de avaliación propostos para este curso: **50%**
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor: **50%**

5.1.5. Recursos didácticos

- J. M. CORTÉS AIRES “Cadernos didácticos para guitarra. preparatorio”
- MARIA LINNEMANN: Pezas sinxelas.
- ANTONIO MURO: “Basic pieces” vol.1
- RUGGERO CHIESA “Método”
- F. VITIELLO: “Aujourd’hui la guitare” (Vo.l 1 e 2)
- B. CASAS MIRÓ: “Estudio Progresivo de la Guitarra”, libro 1.
- R. GAMAZO e SIERRA: “Elijo mis obras”, libro 1.
- D. AGUADO "Método de guitarra", parte primeira.
- F. CARULLI: "Studi per chitarra"
- F. SOR: Estudos Op. 60
- L BROUWER: “Estudos sinxelos” nº 1.
- M GIULIANI: “A Bolboreta” Op. 30

5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL

5.2.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans dedos esquerdos sobre o diapasón e os dedos dereitos sobre as cordas.
- Desenvolver, progresivamente, un perfeccionamento continuo da calidade sonora, dentro do nivel do curso.
- Utilizar as uñas na man dereita para procurar un son de calidade.
- Coñecer a dixitación da man esquerda e dereita.
- Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.
- Coñecer escalas maiores e menores en primeira posición
- Afinar por equísonos.
- Usar a memoria como método para unha interpretación segura.
- Adquirir un hábito de estudo continuado e regular.

5.2.2. Contidos

- Perfección e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e a sincronización de ambas.
- Coñecementos básicos dos recursos da guitarra.
- Principios básicos de dixitación guitarrística.
- Práctica das escalas de DoM, SolM, ReM, lam e mim en primeira posición.
- Afinación por equísonos.
- Estudo dun repertorio básico como mínimo de tres pezas por avaliación.
- Lectura á vista na tonalidade de DoM e lam natural.
- Inicio ao desenvolvemento dos distintos tipos de memoria.
- Traballo da dinámica.
- Partes da guitarra.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras propostas polo profesor.
- Ler textos sinxelos á vista con fluidez y comprensión.
- Reproducir unha axeitada posición corporal con respecto ao instrumento á hora de tocar, sentándose correctamente, mantendo as costas erguidas e establecendo os puntos de apoio do corpo co instrumento.
- Adoptar unha posición correcta de ambas as mans.
- Interpretar de memoria e en público algunhas das pezas traballadas durante o curso.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles consistirán en:

- Intepretar as obras estudiaadas durante o curso, cun mínimo de nove pezas, polo menos tres de memoria.
- Ler textos sinxelos á vista con fluidez e comprensión.
- Amosar un coñecemento no diapasón en primeira posición.
- Realizar os exercicios técnicos propostos polo profesor.
- Participar nas audicións obrigatorias. En cada unha destas audicións interpretará dúas pezas, unha delas como mínimo de memoria.

Nota: Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc, é fundamental o emprego de uñas da man dereita. O uso das uñas na man dereita será requisito imprescindible para tódolos alumnos maiores de trece anos.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** este tipo da avaliación trata de concretar as carencias ou problemas que poida ter o alumno.
- **Continua:** este tipo da avaliación é o seguimento habitual do alumno ao longo de todo o curso, aportando a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** ao final do curso académico establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán:

- Asistencia a clase.
- Realización de probas trimestrais.
- Audicións ante o resto do alumnado e os profesores do departamento.
- Actuacións en público.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso. No caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron correctamente acadados, e propóranse unha serie de actividades de reforzo e mellora que permita a consecución dos obxectivos.

Criterios de cualificación

A avaliación será continua, obxectiva e personalizada, baseada na escoita e na observación directa polo profesor do proceso de aprendizaxe dos alumnos. O curso estará dividido en tres trimestres. Cada alumno recibirá trimestralmente información por escrito (en forma de cualificación) sobre a situación do proceso de aprendizaxe. A cualificación exprésase en termos numéricos utilizando a escala de un a dez sen decimais, considerándose positivas as cualificacións superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara á promoción ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- **Repertorio:** acadar o nivel esixido na execución dun repertorio axeitado ao nivel comprenderá o **70%** da cualificación final do curso.
- **Asistencia regular e actitude:** a asistencia regular ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o **30%** restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

- **Lectura e dixitación:** O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dixitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consegue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicados.
- **Dominio técnico:** Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.
- **Dominio interpretativo:** O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

O alumno/a que suspendera a materia de Guitarra deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula o alumno/a debe de superar os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, ademais de considerar o profesor que pode superar os do curso seguinte. O profesor titor emitirá informe coas calificacións de cada un dos profesores que imparten a ensinanza ao alumno en cuestión.

A ampliación de matrícula debe de ser aprobada polo Consello Escolar.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación basease na realización de probas específicas así como da observación da evolución que se produce clase a clase, para así poder detectar os problemas establecendo medidas para solucionarlos. Son moi importantes as actitudes e os conceptos que se van adquirindo, como a precisión técnica, calidade sonora, comprensión formal, interpretación,

etc. A recuperación realizarase ao longo de todo o curso reforzando aqueles temas nos que o alumno teña mais dificultade.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes maio.

Este exame consistirá nunha proba co profesor amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso.

Para a cualificación desta proba farase da seguinte forma:

- Cumprimento dos criterios de avaliación propostos para este curso: **50%**
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor: **50%**

5.2.5. Recursos didácticos

- F. CARULLI: "Studi per Chitarra", "Allegretto, Op. 333", "Andante, Op. 21", "Vals, Op. 21".
- F. SOR: "12 Estudos" Op. 60.
- LEO BROUWER: Estudos sinxelos, 1ª serie.
- D. AGUADO "MÉTODO DE GUITARRA" 1ª parte nº 1 ao 3 (Ou.M.E.).
- BRYAN LESTER: "Cadernos de exercicios", "Essential Guitar Skills: Tremolo, Arpeggio, Scales e Barre".
- M GIULIANI: "A Bolboreta" Op. 30, "Le Papillon, Op.30", nº1.
- R. GAMAZO e SIERRA: "Elijo mis obras", libros 1 e 2.
- B. CASAS MIRÓ: "Estudio progresivo de la guitarra", libro 2.
- LUISA SANZ: "La guitarra paso a paso, Vol. 1"
- "MODERN TIMES, Vol. 1" (Recompilación): J. ZENAMON: "Preludio", "Escalando", "Paisaje".
- MARIA LINNEMANN: "Stony Creek Blues", "Country Dance".
- M. VANDERMAESBRUGGE: "Tres Pequenas Pezas".
- ADRIAN LeRoy: "Branle de Poictou".
- J. B. BESARD: "Branle Gay".

5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL

5.3.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans dedos esquerdos sobre o diapasón e os dedos dereitos sobre as cordas.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Desenvolver, progresivamente, un perfeccionamento continuo da calidade sonora, dentro do nivel do curso.
- Utilizar as uñas na man dereita para procurar un son de calidade.
- Coñecer a dixitación da man esquerda e dereita
- Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.
- Coñecer escalas maiores e menores en primeira posición e a escala cromática.
- Iniciar a técnica de ligados.

5.3.2. Contidos

- Perfección e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e a sincronización de ambas.
- Principios básicos de dixitación guitarrística.
- Iniciación as cellas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Práctica das escalas de DoM, SolM, ReM, FaM, lam, mim e rem en primeira posición.
- Práctica da escala cromática en primeira posición.
- Práctica de ligados ascendentes e descendentes na primeira corda.
- Iniciación aos arpexios.
- Estudo dun repertorio básico como mínimo de tres pezas por avaliación.
- Lectura á vista na tonalidade de DoM, SolM e lam armónico e mim natural.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Traballo da dinámica e da agóxica (ritardando e acelerando)
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras propostas polo profesor.
- Ler textos sinxelos á vista con fluidez y comprensión.
- Reproducir unha axeitada posición corporal con respecto ao instrumento á hora de tocar, sentándose correctamente, mantendo as costas erguidas e establecendo os puntos de apoio do corpo co instrumento.

- Adoptar unha posición correcta de ambas as mans.
- Interpretar de memoria e en público algunhas das pezas traballadas durante o curso.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles serán os seguintes:

- Interpretar polo menos nove pezas, tres delas de memoria, propostas polo profesor segundo as necesidades de cada alumno entre as do repertorio orientativo empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.
- Amosar un control progresivo do son a través do uso e coidado elemental das uñas.
- Realizar os exercicios de técnica propostos durante o curso.
- Ler á vista de textos con fluidez e comprensión en DoM, SolM e lam armónico e mim natural.
- Participar nas audicións trimestrais obrigatorias. En cada unha destas audicións interpretarán dúas pezas do trimestre en curso, unha delas como mínimo de memoria, con seguridade e control da situación.

Nota: Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc, é fundamental o emprego de uñas da man dereita. O uso das uñas na man dereita será requisito imprescindible para tódolos alumnos (independentemente da idade).

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** este tipo da avaliación trata de concretar as carencias ou problemas que poida ter o alumno.
- **Continua:** este tipo da avaliación é o seguimento habitual do alumno ao longo de todo o curso, aportando a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** ao final do curso académico establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán:

- Asistencia a clase.
- Realización de probas trimestrais.
- Audicións ante o resto do alumnado e os profesores do departamento.
- Actuacións en público.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso. No caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron correctamente acadados, e proporanse unha serie de actividades de reforzo e mellora que permita a consecución dos obxectivos.

Criterios de cualificación

A avaliación será continua, obxectiva e personalizada, baseada na escoita e na observación directa polo profesor do proceso de aprendizaxe dos alumnos. O curso estará dividido en tres trimestres. Cada alumno recibirá trimestralmente información por escrito (en forma de cualificación) sobre a situación do proceso de aprendizaxe. A cualificación exprésase en termos numéricos utilizando a escala de un a dez sen decimais, considerándose positivas as cualificacións superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara á promoción ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- **Repertorio:** acadar o nivel esixido na execución dun repertorio axeitado ao nivel comprenderá o 70% da cualificación final do curso.
- **Asistencia regular e actitude:** a asistencia regular ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

- **Lectura e dixitación:** O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dixitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consegue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicados.
- **Dominio técnico:** Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.
- **Dominio interpretativo:** O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

O alumno/a que suspendera a materia de Guitarra deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula o alumno/a debe de superar os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, ademais de considerar o profesor que pode superar os do curso seguinte. O profesor titor emitirá informe coas cualificacións de cada un dos profesores que imparten a ensinanza ao alumno en cuestión.

A ampliación de matrícula debe de ser aprobada polo Consello Escolar.

5.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación basease na realización de probas específicas así como da observación da evolución que se produce clase a clase, para así poder detectar os problemas establecendo medidas para solucionarlos. Son moi importantes as actitudes e os conceptos que se van adquirindo, como a precisión técnica, calidade sonora, comprensión formal, interpretación, etc. A recuperación realizarase ao longo de todo o curso reforzando aqueles temas nos que o alumno teña mais dificultade.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes maio.

Este exame consistirá nunha proba co profesor amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso.

Para a cualificación desta proba farase da seguinte forma:

- Cumprimento dos criterios de avaliación propostos para este curso: **50%**
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor: **50%**

5.3.5. Recursos didácticos

- BRYAN LESTER: "Cadernos de exercicios", "Essential Guitar Skills: Tremolo, Arpeggio, Scales e Barre".
- F. SOR - Estudos Op.60.
- L BROUWER - *Estudos sinxelos*, 1ª serie, do 2 ao 5.
- F. CARULLI: "Studi per Chitarra".
- ROWLEY: "Preludios e fugas miniatura".
- S. DODGSON - H. QUINE: "Doce estudos preparatorios".
- M. CARCASSI: "25 Estudos melódicos progresivos" op. 60, "Seis caprichos" Op. 60, "Minuetto en Do M".
- M. LINNEMANN: "Rodeo", "Ragtime".
- J. DOWLAND: "Orlando Sleepeth".
- ANÓNIMO: "English Dance".
- D. AGUADO: "Método de Guitarra", 1ª parte, leccións nº 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 12.
- "MODERN TIMES" (Recompilación) "Arpège" e "Chanson du marin disparu" de F. KLEYNJANS.
- B. CASAS MIRÓ: "Estudio progresivo de la guitarra", libro 3.
- R. GAMAZO e SIERRA: "Elijo mis obras", libro 2.
- A. TANSMAN: "Chant à bercer", "Exercice", "Echo", "Mélodie d'Autrefois", "Air Oublié".

5.4. ► CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL

5.4.1. Obxectivos

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans dedos esquerdos sobre o diapasón e os dedos dereitos sobre as cordas.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade axeitada a este nivel.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.
- Coñecer as notas do diapasón ata o sétimo traste.
- Coñecer escalas maiores e menores en diferentes posicións.
- Coñecer a escala cromática e a pentatónica.
- Continuar coa técnica de ligados.
- Iniciar a técnica de man dereita apoiando.

5.4.2. Contidos

- Perfección e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e a sincronización de ambas.
- Principios básicos de dixitación guitarrística.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Hixiene e coidado das uñas
- Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
- Armónicos naturais.
- Práctica das escalas de DoM, SolM, ReM, FaM, LaM, SibM, lam, mim, sim, rem e solm en primeira posición.
- Notas de adorno.
- Práctica da escala de DoM de unha octava en quinta posición.
- Coñecemento da escala pentatónica en quinta posición.
- Práctica da escala cromática en todo o mástil sen noción das notas.
- Coñecemento de ligados ascendentes e descendentes por todas as cordas.
- Estudo dun repertorio básico como mínimo de tres pezas por avaliación.
- Lectura á vista en tonalidades ata dúas alteracións.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Traballo da dinámica e da agóxica (ritardando e acelerando)
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.

- Práctica de conxunto.
- Iniciación ás graffias contemporáneas.

5.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar obras de distintas épocas e estilos.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel, amosando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.
- Ler textos á vista con fluidez y comprensión.
- Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Interpretar obras en grupo.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles serán os seguintes:

